

SERVIZOS DE MERCADO

1. Establecementos hoteleiros e de turismo rural abertos estimados por categoría. Decembro de 2009
2. Prazas estimadas dos establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría. Decembro de 2009
3. Viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros e de turismo rural por procedencia. Ano 2009
4. Viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros por categoría. Ano 2009
5. Noites en establecementos hoteleiros e de turismo rural por procedencia. Ano 2009
6. Noites en establecementos hoteleiros por categoría. Ano 2009
7. Grao de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría. Ano 2009
8. Estadía media en establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría. Ano 2009
9. Gasto total dos viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros de Galicia. Distribución por concepto do gasto. Galicia
10. Ubicación dos locais segundo seccións de actividade (CNAE-09) por principais magnitudes. Galicia. Ano 2009
11. Actividade do comercio en Galicia segundo as magnitudes principais e grupos de actividade. Ano 2008
12. Parque de vehículos. Ano 2009
13. Vehículos matriculados. Ano 2009
14. Transferencias de vehículos por provincia de matriculación. Ano 2009
15. Accidentes con vítimas e vítimas segundo o lugar do accidente. Ano 2009
16. Buques mercantes entrados nos portos de titularidade estatal. Ano 2009
17. Transporte marítimo de mercadorías nos portos de titularidade estatal. Ano 2009
18. Tráfico de transporte nos aeroportos de Galicia. Ano 2009
19. Investimentos totais realizados na rede de estradas, nos portos e costas e nas obras hidráulicas. Ano 2009
20. Transporte de mercadorías por estrada con orixe en Galicia
21. Transporte de mercadorías por estrada con destino en Galicia
22. Persoas que viaxaron no transporte urbano regular xeral
23. Entidades de crédito: depósitos do sector privado. Ano 2009
24. Entidades de crédito: créditos. Ano 2009
25. Entidades de crédito: número de oficinas. Ano 2009
26. Hipotecas. Ano 2009

Establecemento hoteleiro

Os establecementos hoteleiros son aqueles establecementos que prestan servizos de aloxamento colectivo mediante prezo con ou sen outros servizos complementarios (hotel, hotel-apartamento ou apartahotel, motel, hostel, pensión, ...). O establecemento hoteleiro aberto estimado é aquel que no mes de referencia está comprendido dentro de seu período de apertura.

Establecemento de turismo rural

Os establecementos de turismo rural defínense como aqueles establecementos ou vivendas destinadas ao aloxamento turístico mediante prezo, con ou sen outros servizos complementario e que están inscritos no correspondente rexistro de aloxamentos turísticos da comunidade autónoma. Presentan unha serie de características determinadas:

- están situados nun medio rural,
- son edificacións cunha tipoloxía arquitectónica propia da zona ou están situados en fincas que manteñen activas explotacións agropecuarias, e
- ofrecen un número de prazas e habitacións para o aloxamento de hóspedes limitado, ademais de reunir certos requisitos de infraestrutura e dotacións básicas.

Praza estimada

O número de prazas equivale ao número de camas fixas do establecemento. Non se inclúen, por tanto, as supletorias, e as de matrimonio que dan lugar a dúas prazas.

Viaxeiro entrado

Toda aquela persoa que realiza unha ou máis noites seguidas no mesmo aloxamento.

Noite ou praza ocupada

Se entende por noite cada noite que un viaxeiro se aloxa no establecemento.

Grao de ocupación por prazas

Relación, en porcentaxe, entre o total das noites e o produto das prazas, incluíndo as camas supletorias, polo días ao que se refiren as noites.

Estadía media

Número de días que, por termo medio, permanece un viaxeiro nun establecemento. Calcúlase como o cociente entre as noites realizadas e o número de viaxeiros.

Gasto

Todo gasto de consumo efectuado por un viaxeiro ou por conta dun viaxeiro durante a súa estadía en Galicia.

Vehículos e accidentes

Motocicleta

Automóbil de dúas rodas sen sidecar ou de tres rodas asimétricas respecto do seu eixe medio lonxitudinal, provisto dun motor de cilindrada superior a 50 cm³, se é de combustión interna, e/ou cunha velocidade máxima por construción superior a 45 km/h.

Turismo

Automóbil destinado ao transporte de persoas que teña, polo menos, catro rodas e que teña, ademais do asento do condutor, oito prazas como máximo.

Camión

Automóbil con catro rodas ou máis, concibido e construído para o transporte de mercadorías, cuxa cabina non está integrada no resto da carrozaría e cun máximo de 9 prazas, incluído o condutor.

Autobús

Automóbil que teña máis de 9 prazas, incluídas a do condutor, destinado, pola súa construción e acondicionamento, ao transporte de persoas e as súas equipaxes. Inclúese neste termo o trolebús, é dicir, o vehículo conectado a unha liña eléctrica e que non circula por raís.

Remolque

Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser remolcado por un vehículo de motor.

Semirremolque

Vehículo non autopropulsado deseñado e concibido para ser adaptado a un automóbil, sobre o que repousará parte deste, transferíndolle unha parte substancial da súa masa.

Tractor industrial

Automóbil concibido e construído para realizar, principalmente, o arrastre dun semirremolque.

Parque de vehículos

Está constituído por todos os vehículos con motor, agás ciclomotores e diversos vehículos especiais (maquinaria agrícola automotriz e a maquinaria agrícola arrastrada por 2 eixes e 1 eixe), que teoricamente circulan. Deste xeito, inclúen todas as matriculacións que houberse durante todos os anos, menos as baixas producidas e as modificacións debidas ás reformas.

Matriculacións

Altas de vehículos producidas no ano.



Accidente de circulación

A Dirección General de Tráfico considera accidentes aqueles que reúnen as seguintes condicións:

- Que se produzan ou teñan a súa orixe, nunha das vías ou terreos obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
- Que, pola súa consecuencia, unha ou varias persoas resulten mortas ou feridas ou ben, se orixinen soamente danos materiais.
- Que, polo menos, estea implicado un vehículo en movemento.

Accidente con vítimas

Aquel no que unha ou varias persoas resulten mortas ou feridas.

Vítima de accidente de circulación

Toda persoa que resulte morta ou ferida como consecuencia dun accidente de circulación.

Morto en accidente de circulación

Toda persoa que, como consecuencia dun accidente, faleza no acto ou dentro dos trinta días seguintes.

Transporte

Transporte marítimo de mercadorías

Recolle as mercadorías cargadas, descargadas e transbordadas nos portos de titularidade estatal situados en Galicia. Non se inclúe a pesca fresca, o avituallamento nin o tráfico local.

Tráfico aéreo

- **Tráfico regular.** É o composto polos voos ofrecidos ao público e efectuados de acordo cun horario publicado ou dun modo tan regular ou frecuente que constitúen unha serie sistemática identificable; inclúe tamén todos os servizos suplementarios resultantes dos ditos voos (voos extraordinarios ocasionados polo exceso de tráfico, voos de pagamento preparativos de servizos aéreos proxectados...)
- **Tráfico non regular.** É o composto por voos fretados e especiais por remuneración non efectuados dun modo regular e as viaxes que non se notificasen baixo servizos regulares.
- **Tráfico doutros servizos.** Composto polos voos efectuados por empresas de transporte, tales como de localización, de proba, de instrución, en baleiro etc.

Transporte por estrada

- Tráfico de mercadorías. Os vehículos autorizados son os aptos para o transporte de mercadorías e clasifícanse en :
 - Camión: está provisto de medio propio de propulsión mecánica.
 - Remolque: deseñado para ser enganchado a un vehículo automóbil de estrada.

- Cabeza tractora: é o provisto de medio propio de propulsión mecánica que arrastra a un semirremolque.
 - Semirremolque: remolque sen eixe dianteiro, adaptado a un vehículo que o arrastra de tal xeito que parte do dito remolque, así coma parte do seu peso e da súa carga descansan sobre un vehículo tractor.
- Tráfico de viaxeiros. O transporte regular xeral é o destinado a transportar todo tipo de pasaxeiros en autobuses ou autocares que teñen un itinerario preestablecido con suxeición a almanaques e horarios prefixados e recollen os pasaxeiros en paradas fixas entre distintos termos municipais. Para realizar este tipo de transporte requírese unha concesión administrativa.

Investimentos

Investimentos realizados na rede de estradas

Reflicten os investimentos en nova construción e mellora das estradas. Inclúense a reconstrución, a renovación e as reparacións importantes, así como os investimentos de mantemento de superficies, rehabilitación e reposición das vías e seguridade viaria correntes realizadas na rede de estradas, que inclúe tanto as do Estado como as que están a cargo dos entes territoriais (comunidades autónomas, deputacións e cabidos).

Investimentos realizados en obras hidráulicas

Investimentos realizados en obras hidráulicas tanto nos programas ou subprogramas de investimento a cargo da Dirección Xeral da Auga como nos das Confederacións Hidrográficas financiadas con fondos propios.

Sector financeiro

Depósitos á vista

Son aqueles depósitos nos que as cantidades depositadas poden retirarse ou transferirse en calquera momento, sen previo aviso á entidade depositaria. É sinónimo de conta corrente. Pódese dispoñer dos seus fondos a través de cheques.

Depósitos de aforro

Son aqueles depósitos dispoñibles con previo aviso. É sinónimo de conta de aforro. Instrumentase cunha cartilla na que os apuntamentos substitúen os extractos característicos da conta corrente.

Depósitos a prazo

Son aqueles depósitos contratados por un prazo de tempo determinado. Se o contrato contén unha cláusula que así o indique, o importe do depósito só se pode retirar antes de que expire o prazo con autorización da entidade financeira e cunha penalización na súa remuneración.

Hipoteca

Contrato mediante o cal se consegue un crédito coa garantía dun ben —móble ou inmóble— cuxo valor responde do risco do non pagamento.

Empresa

Combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúen unha unidade organizativa produtora de bens ou servizos e que dispón dun certo grao de autonomía na toma de decisións, especialmente no relativo á asignación dos seus recursos correntes. Unha empresa pode exercer unha ou máis actividades nunha ou varias unidades locais.

Persoal ocupado

Conxunto de persoas que contribúen, mediante o seu traballo, á produción de bens e servizos, ou que realizan actividades auxiliares na empresa, independentemente de que estean remunerados ou non.

Persoal remunerado

Traballadores ligados á empresa por un contrato de traballo e que son retribuídos con cantidades fixas ou periódicas en forma de soldo, salario, comisión ou pago en especie.

Gastos de persoal

Todas as retribucións ao persoal, calquera que sexa a forma ou o concepto polo que se satisfán, pagadas ao conxunto dos seus empregados como remuneración polo seu traballo, así como as cargas sociais obrigatorias e facultativas a cargo da empresa. Os gastos de persoal remunerado divídense en:

- soldos e salarios brutos
- indemnizacións
- cotizacións á Seguridade Social a cargo da empresa
- retribucións a longo prazo mediante sistemas de aportación e prestación definida
- retribucións ao persoal mediante instrumentos de patrimonio
- outros gastos sociais

Soldos e salarios brutos

Pagos, en diñeiro ou en especie, cos que a empresa retribúe o traballo dos seus asalariados, sen descontar impostos, contribucións dos asalariados á Seguridade Social e outras obrigacións do traballador retidas en orixe pola empresa.

Cifra de negocios

Comprende os importes facturados pola empresa durante o ano de referencia pola prestación de servizos e vendas de bens, que son obxecto do tráfico da empresa. As vendas contabilízanse sen incluír o IVE repercutido ao cliente.

Contabilízase en termos netos deducindo os descontos sobre vendas por pronto pago, as devolucións de venda así como os rappels sobre as vendas. O volume de negocio non comprende a venda de activos fixos nin as subvencións de explotación.

Valor da produción

Mide o importe dos bens e servizos producidos pola empresa durante o exercicio.

O valor da produción defínese como o volume de negocio, máis ou menos as variacións das existencias de produtos terminados, os traballos en curso e bens e servizos comprados para a revenda, menos as compras de bens e servizos para a revenda, máis a produción inmovilizada e os outros ingresos de xestión (excluídas as subvencións).

**1****ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL ABERTOS ESTIMADOS POR CATEGORÍA. DECEMBRO DE 2009**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	1.381	593	276	182	330
Estrelas de ouro	536	195	92	68	181
5 e 4 Estrelas	85	34	14	8	29
3 Estrelas	85	33	13	9	30
2 Estrelas	163	58	26	16	63
1 Estrela	203	71	38	35	59
Estrelas de prata	845	398	185	114	149
3 e 2 Estrelas	322	166	68	46	42
1 Estrela	523	232	116	68	107
Establecementos de turismo rural	511	151	127	78	155

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.


Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

2

PRAZAS ESTIMADAS DOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL POR CATEGORÍA. DECEMBRO DE 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	55.370	23.898	8.449	6.042	16.981
Estrelas de ouro	38.558	16.028	4.881	3.490	14.159
5 e 4 Estrelas	14.646	6.819	1.596	965	5.266
3 Estrelas	8.427	3.577	965	881	3.004
2 Estrelas	7.960	2.643	1.013	693	3.611
1 Estrela	7.526	2.990	1.307	952	2.278
Estrelas de prata	16.812	7.870	3.568	2.552	2.822
3 e 2 Estrelas	7.438	3.952	1.489	1.022	975
1 Estrela	9.374	3.918	2.079	1.530	1.847
Establecementos de turismo rural	6.196	1.770	1.604	962	1.860

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.
Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

Estimación da capacidade ofertada. Decembro de 2009

3

VIAXEIROS ENTRADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL POR PROCEDENCIA. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	3.399.456	1.520.989	512.742	285.900	1.079.827
Residentes en España	2.757.187	1.172.158	417.537	263.316	904.175
Non residentes en España	642.270	348.831	95.204	22.584	175.651
Unión Europea 27	488.500	250.851	77.095	16.297	144.257
Resto de países	153.769	97.980	18.108	6.287	31.395
Establecementos de turismo rural	176.941	51.405	54.689	27.177	43.670
Residentes en España	158.070	44.597	45.559	26.229	41.684
Non residentes en España	18.872	6.808	9.130	948	1.986

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.
Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

4

VIAXEIROS ENTRADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS POR CATEGORÍA. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	3.399.456	1.520.989	512.742	285.900	1.079.827
Estrelas de ouro	2.741.309	1.177.005	348.126	209.942	1.006.235
5 e 4 Estrelas	1.153.827	535.379	135.815	82.020	400.613
3 Estrelas	694.574	309.889	75.414	42.793	266.479
2 Estrelas	482.186	166.201	63.054	44.886	208.045
1 Estrela	410.722	165.537	73.844	40.243	131.098
Estrelas de prata	658.148	343.984	164.615	75.957	73.591
3 e 2 Estrelas	344.285	201.284	70.941	34.058	38.003
1 Estrela	313.862	142.700	93.674	41.900	35.588

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.

5

NOITES EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL POR PROCEDENCIA. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecimientos hoteleiros	7.444.455	3.235.981	839.562	560.041	2.808.870
Residentes en España	6.230.571	2.584.838	710.446	511.140	2.424.147
Non residentes en España	1.213.883	651.144	129.116	48.901	384.723
Unión Europea 27	875.717	456.262	102.271	33.425	283.760
Resto de países	338.166	194.881	26.846	15.475	100.964
Establecimientos de turismo rural	369.208	115.424	97.917	50.444	105.423
Residentes en España	336.206	100.926	86.748	48.533	99.998
Non residentes en España	33.003	14.498	11.169	1.911	5.425

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.
Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

6

NOITES EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS POR CATEGORÍA. AÑO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecimientos hoteleiros	7.444.455	3.235.981	839.562	560.041	2.808.870
Estrelas de ouro	5.757.905	2.275.701	562.281	395.572	2.524.352
5 e 4 Estrelas	2.288.919	1.055.279	206.960	142.662	884.018
3 Estrelas	1.491.332	604.860	140.220	84.337	661.916
2 Estrelas	1.094.708	304.493	100.577	61.827	627.811
1 Estrela	882.946	311.069	114.524	106.746	350.607
Estrelas de prata	1.686.549	960.281	277.280	164.469	284.519
3 e 2 Estrelas	769.451	469.453	128.807	66.477	104.714
1 Estrela	917.098	490.828	148.474	97.992	179.805

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.

GRAO DE OCUPACIÓN POR PRAZAS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL POR CATEGORÍA. ANO 2009

Porcentaxe

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	32,4	35,3	25,5	24,3	34,1
Estrelas de ouro	35,5	37,5	29,7	30,4	36,3
5 Estrelas	39,5	..	-	-	..
4 Estrelas	42,6	42,3	35,6	41,6	44,1
3 Estrelas	39,0	43,1	37,2	25,5	38,6
2 Estrelas	30,8	29,6	25,2	26,7	33,2
1 Estrela	25,9	27,3	21,5	26,9	26,2
Estrelas de prata	24,9	30,9	19,9	16,4	22,2
3 e 2 Estrelas	25,9	30,1	24,1	15,8	23,0
1 Estrela	24,1	31,8	17,3	16,9	21,8
Establecementos de turismo rural	15,3	17,7	14,8	14,3	14,0

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.
Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

ESTADÍA MEDIA EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL POR CATEGORÍA. ANO 2009

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Establecementos hoteleiros	2,2	2,1	1,6	2,0	2,6
Estrelas de ouro	2,1	1,9	1,6	1,9	2,5
5 Estrelas	2,0	..	-	-	..
4 Estrelas	2,0	2,0	1,5	1,7	2,2
3 Estrelas	2,2	2,0	1,9	2,0	2,5
2 Estrelas	2,3	1,8	1,6	1,4	3,0
1 Estrela	2,2	1,9	1,6	2,7	2,7
Estrelas de prata	2,6	2,8	1,7	2,2	3,9
3 e 2 Estrelas	2,2	2,3	1,8	2,0	2,8
1 Estrela	2,9	3,4	1,6	2,3	5,1
Establecementos de turismo rural	2,1	2,3	1,8	1,9	2,4

Fonte: INE. Encuesta de ocupación hotelera.
Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural.

9

GASTO TOTAL DOS VIAXEIROS NON RESIDENTES ALOXADOS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DE GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR CONCEPTO DO GASTO. GALICIA

Miles de euros

	3º Trim. 2009	4º Trim. 2009	1º Trim. 2010	2º Trim. 2010
Paquete turístico	7.602,5	6.859,2	5.444,1	12.671,7
Aloxamento	99.475,7	37.331,1	21.266,1	55.717,0
Restaurantes	78.119,4	34.057,5	20.218,6	53.829,5
Comida comercios	5.185,9	691,6	406,2	1.392,0
Desprazamentos	24.797,8	10.828,1	5.467,1	14.640,4
Agasallos	27.124,8	8.031,7	4.526,3	10.764,7
Ocio	19.290,2	7.116,8	2.431,1	7.287,3
Outros	4.354,2	4.437,2	1.948,2	3.090,9
Total	265.950,5	109.353,2	61.707,6	159.393,5

Fonte: IGE. Gastos dos non residentes en Galicia.

Nota: datos provisionais.

10

UBICACIÓN DOS LOCAIS SEGUNDO SECCIÓN DE ACTIVIDADE (CNAE-09) POR PRINCIPAIS MAGNITUDES. GALICIA. ANO 2009

Datos económicos en miles de euros

	Número de locais	Volume do negocio	Soldos e salarios	Inversión en activos materiais	Persoal ocupado
G. Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos motor e motocicletas	62.268	40.354.106	2.565.921	713.096	194.551
H. Transporte e almacenamento	14.180	4.930.763	864.643	802.440	56.440
I. Hostalaría	22.437	2.445.241	502.420	122.621	67.214
J. Información e comunicacións	2.057	2.857.577	383.745	379.534	15.000
L. Actividades inmobiliarias	3.875	394.799	64.728	390.908	6.921
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.214	2.417.751	698.611	121.122	50.753
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	6.843	2.374.641	730.749	104.610	60.626
S. Outros servizos (agás división 94)	8.441	462.983	124.828	17.509	19.454

Fonte: INE. Encuesta anual de servicios.

11

ACTIVIDADE DO COMERCIO EN GALICIA SEGUNDO UBICACIÓN DOS LOCAIS POR PRINCIPAIS MAGNITUDES E GRUPOS DE ACTIVIDADE. ANO 2008
Datos económicos en miles de euros

	Total	CNAE 45 (1)	CNAE 46 (2)	CNAE 47 (3)
Número de locais	62.268	5.877	15.713	40.679
Volume do negocio	40.354.106	4.018.228	22.952.293	13.383.584
Soldos e salarios	2.565.921	369.309	1.060.924	1.135.689
Inversión en activos materiais	713.096	75.546	358.517	279.034
Persoal ocupado	194.551	23.655	60.315	110.581

Fonte: INE. Encuesta anual de comercio. Extraído de <http://www.ine.es> [7 de outubro, 2010].

Nota: (1) CNAE-09 45: Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas.

(2) CNAE-09 46: Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

(3) CNAE-09 47: Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

12

PARQUE DE VEHÍCULOS. ANO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Turismos	21.983.485	1.434.430	574.234	187.937	175.769	496.490
Camións e furgonetas	5.136.214	247.415	85.419	41.094	38.866	82.036
Autobuses	62.663	4.710	1.836	911	619	1.344
Motocicletas	2.606.674	118.297	40.723	13.534	12.494	51.546
Tractores industriais	206.730	13.695	4.754	2.867	1.587	4.487
Outros	860.203	54.522	18.354	9.876	6.821	19.471
Total	30.855.969	1.873.069	725.320	256.219	236.156	655.374

Fonte: Dirección General de Tráfico. Extraído de <http://www.dgt.es> [27 de outubro, 2010].

Nota: na categoría Outros inclúense os remolques, semirremolques e vehículos especiais, agás maquinaria agrícola automotriz e a maquinaria agrícola arrastrada por 2 eixes e 1 eixe. Os ciclomotores non están incluídos.

Datos a 31 de decembro.

13

VEHÍCULOS MATRICULADOS. ANO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Turismos	971.177	59.826	26.465	7.548	7.188	18.625
Camións e furgonetas	136.433	5.651	2.030	1.009	872	1.740
Autobuses	2.967	230	84	57	35	54
Motocicletas	139.908	6.408	2.181	561	693	2.973
Tractores industriais	5.774	433	155	86	38	154
Outros vehículos	2.522	162	72	6	6	78
Total	1.258.781	72.710	30.987	9.267	8.832	23.624

Fonte: Dirección General de Tráfico. Extraído de <http://www.dgt.es> [25 de outubro, 2010].

Nota: considéranse as matriculacións por provincia onde se formalizou a alta do vehículo.

A categoría Outros vehículos non inclúe os matriculados con placa de matriculación de vehículo especial, con placa de remolque e semirremolque ou con placa de ciclomotor.

14

TRANSFERENCIAS DE VEHÍCULOS POR PROVINCIA DE MATRICULACIÓN. AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Turismos	2.119.141	98.651	42.847	11.832	10.748	33.224
Camións	503.651	16.382	6.170	2.717	2.371	5.124
Autobuses	5.319	383	146	98	41	98
Motocicletas	220.588	9.939	3.359	939	827	4.814
Tractores industriais	23.924	1.238	454	297	127	360
Outros vehículos	65.398	3.399	1.245	689	324	1.141
Total	2.938.021	129.992	54.221	16.572	14.438	44.761

Fonte: Dirección General de Tráfico. Extraído de <http://www.dgt.es> [27 de outubro, 2010].

15

ACCIDENTES CON VÍTIMAS E VÍTIMAS SEGUNDO O LUGAR DO ACCIDENTE. AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total						
Accidentes con vítimas	88.251	3.549	947	389	294	1.919
Mortais	2.117	203	79	35	34	55
Non mortais	86.134	3.346	868	354	260	1.864
Vítimas	127.680	5.524	1.445	620	450	3.009
Mortos	2.714	246	98	42	38	68
Feridos	124.966	5.278	1.347	578	412	2.941
Na estrada						
Accidentes con vítimas	40.789	2.792	703	296	150	1.643
Mortais	1.696	170	63	31	31	45
Non mortais	39.093	2.622	640	265	119	1.598
Vítimas	65.058	4.513	1.126	502	257	2.628
Mortos	2.130	206	81	37	34	54
Feridos	62.928	4.307	1.045	465	223	2.574
Na zona urbana						
Accidentes con vítimas	47.462	757	244	93	144	276
Mortais	421	33	16	4	3	10
Non mortais	47.041	724	228	89	141	266
Vítimas	62.622	1.011	319	118	193	381
Mortos	584	40	17	5	4	14
Feridos	62.038	971	302	113	189	367

Fonte: Dirección General de Tráfico. Extraído de <http://www.dgt.es> [25 de outubro, 2010].

Nota: o cómputo de mortos está realizado a 30 días.

16

BUQUES MERCANTES ENTRADOS NOS PORTOS DE TITULARIDADE ESTATAL. ANO 2009

	Portos de titularidade estatal en Galicia	A Coruña	Ferrol - San Cibrao	Marín - Pontevedra	Vigo	Vilagarcía	Portos de titularidade estatal en España
Tráfico total							
Número de buques	5.839	1.393	1.108	913	2.124	301	115.628
Unidades de arqueo (miles de TRB)	65.758	12.971	14.538	3.876	32.654	1.720	1.621.467

Fonte: Puertos del Estado. Resumen general del tráfico portuario. Información suministrada directamente.

Nota: datos provisionais.

17

TRANSPORTE MARÍTIMO DE MERCADORÍAS NOS PORTOS DE TITULARIDADE ESTATAL. ANO 2009

Miles de toneladas

	Portos de titularidade estatal en Galicia	A Coruña	Ferrol - San Cibrao	Marín - Pontevedra	Vigo	Vilagarcía	Portos de titularidade estatal en España
Mercadorías descargadas	23.610	9.271	10.515	1.122	1.948	754	266.331
A granel, líquidas	7.834	5.488	2.066	0	71	209	115.562
A granel, sólidas	12.826	2.886	8.193	878	381	488	65.893
Mercadoría xeral	2.949	897	256	244	1.496	57	84.876
Mercadorías cargadas	6.203	2.223	1.678	520	1.578	204	132.323
A granel, líquidas	1.645	1.333	297	0	0	15	27.748
A granel, sólidas	1.407	329	1.075	2	0	0	13.385
Mercadoría xeral	3.152	561	307	518	1.578	189	91.190
Mercadorías transbordadas	42	3	39	0	0	0	203
Total mercadorías	29.855	11.496	12.233	1.642	3.526	958	398.856

Fonte: Puertos del Estado. Resumen general del tráfico portuario. Información suministrada directamente.

Nota: datos provisionais.

18

TRÁFICO DE TRANSPORTE NOS AEROPORTOS DE GALICIA. AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Santiago	Vigo
Aeronaves	1.801.666	42.027	11.251	17.776	13.000
Tráfico regular	1.617.873	38.996	10.661	16.042	12.293
Tráfico no regular	183.793	3.031	590	1.734	707
Pasaxeiros (miles)	186.022	4.085	1.056	1.926	1.103
Tráfico regular	167.603	3.976	1.049	1.833	1.094
Tráfico no regular	18.419	110	8	93	9
Mercadorías (t)	549.237	3.013	240	1.976	797
Tráfico regular	468.788	1.538	240	601	697
Tráfico no regular	80.449	1.474	0	1.375	99

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico.

Nota: só se recolle o tráfico regular e non regular quedando excluído o tráfico doutros servizos.
Datos provisionais.

19

INVESTIMENTOS TOTAIS REALIZADOS NA REDE DE ESTRADAS, NOS PORTOS E COSTAS E NAS OBRAS HIDRÁULICAS. AÑO 2009

Millóns de euros

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nas estradas (1)	7.477	816	239	296	82	199
Reposición	2.388	267	80	64	54	69
Construción	5.089	548	159	232	27	130
Nos portos e costas (2)	1.386	218
Nas obras hidráulicas (3)	1.514	34

Fonte: Ministerio de Fomento. Anuario estadístico

Nota: (1) Non se inclúen os investimentos realizados polas sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe.
(2) Non se inclúen os investimentos realizados en transporte marítimo por portos menores.
(3) Investimentos do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.
Datos provisionais.

TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA CON ORIGEN EN GALICIA

Miles de toneladas

	2003 (2)	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Total (1)	72.279	119.283	124.219	131.616	138.960	127.807	112.104
Andalucía	624	923	1.248	727	957	839	659
Aragón	308	301	336	430	620	638	322
Asturias	1.664	1.745	1.880	1.895	2.638	2.199	2.299
Cantabria	345	147	336	263	395	359	237
Castela e León	646	2.171	2.806	2.843	2.944	3.059	2.251
Castela A Mancha	2.533	596	493	742	952	713	561
Cataluña	1.011	882	1.127	954	1.167	1.182	980
Comunidade Valenciana	768	891	931	828	1.150	1.038	795
Extremadura	155	83	115	196	84	44	123
Galicia	61.035	108.550	111.977	119.296	124.021	114.016	100.378
Madrid	1.670	1.649	1.601	1.885	1.992	1.508	1.594
Murcia	127	162	124	219	215	163	191
Navarra	63	87	65	149	185	249	186
País Vasco	1.198	1.054	1.072	1.029	1.514	1.702	1.466
A Ríoxa	117	32	98	148	125	80	56

Fonte: Ministerio de Fomento. Encuesta Permanente de Transporte de Mercancías por Carretera. Extraído de <http://www.fomento.es> [18 de xuño, 2010].

Nota: (1) No total inclúense os fluxos coas Comunidades Autónomas insulares, Ceuta e Melilla.
(2) Os datos do ano 2003 non inclúen o transporte intramunicipal de mercadorías.

TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA CON DESTINO EN GALICIA

Miles de toneladas

	2003 (2)	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Total (1)	71.873	118.970	122.699	129.906	138.241	127.369	112.308
Andalucía	386	293	549	364	584	390	410
Aragón	234	280	398	316	526	463	353
Asturias	1.661	1.065	1.630	1.713	1.707	1.781	1.582
Cantabria	165	275	254	195	216	222	249
Castela e León	2.833	3.176	3.009	2.903	742	4.177	3.567
Castela A Mancha	357	737	456	506	4.366	793	503
Cataluña	1.187	960	1.035	922	1.251	1.219	1.017
Comunidade Valenciana	647	627	758	655	815	837	736
Extremadura	112	79	42	114	48	22	122
Galicia	61.035	108.550	111.977	119.296	124.021	114.016	100.378
Madrid	1.600	1.499	1.162	1.533	1.792	1.542	1.587
Murcia	100	119	140	139	197	135	85
Navarra	210	186	195	324	225	366	265
País Vasco	1.109	979	936	735	1.473	1.342	1.346
A Ríoxa	221	137	158	186	276	65	107

Fonte: Ministerio de Fomento. Encuesta Permanente de Transporte de Mercancías por Carretera. Extraído de <http://www.fomento.es> [18 de xuño, 2010].

Nota: (1) No total inclúense os fluxos coas Comunidades Autónomas insulares, Ceuta e Melilla.
(2) Os datos do ano 2003 non inclúen o transporte intramunicipal de mercadorías.

22

PERSOAS QUE VIAXARON NO TRANSPORTE URBANO REGULAR XERAL

Miles de viaxeiros

	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Viaxeiros						
Galicia	57.772	73.778	65.284	60.899	63.966	61.411
España	2.806.801	2.953.270	3.007.015	3.053.792	3.021.881	2.921.185

Fonte: INE. Estadística de transporte de viaxeiros. Extraído de <http://www.ine.es> [8 de outubro, 2010].

Nota: ano 2009 datos provisionais.

23

ENTIDADES DE CRÉDITO: DEPÓSITOS DO SECTOR PRIVADO. ANO 2009

Millóns de euros

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Banca privada						
Depósitos á vista	137.856	4.407	2.272	384	389	1.363
Depósitos de aforro	..	5.102	2.141	783	748	1.430
Depósitos a prazo	277.682	11.882	5.458	1.727	1.703	2.994
Total	484.087	21.392	9.871	2.894	2.840	5.787
Caixas de aforro						
Depósitos á vista	116.265	4.156	1.555	371	438	1.793
Depósitos de aforro	118.353	8.611	3.552	1.113	1.126	2.820
Depósitos a prazo	345.405	16.265	6.540	2.173	2.382	5.170
Total	580.023	29.032	11.646	3.657	3.946	9.783
Cooperativas						
Depósitos á vista	11.492	55	12	36	5	2
Depósitos de aforro	20.948	135	6	113	12	4
Depósitos a prazo	45.463	205	10	151	36	8
Total	77.903	396	28	300	53	14
Entidades de crédito						
Depósitos á vista	265.613	8.619	3.838	790	832	3.158
Depósitos de aforro	207.850	13.849	5.699	2.009	1.886	4.255
Depósitos a prazo	668.550	28.352	12.008	4.051	4.121	8.172
Total	1.142.013	50.820	21.545	6.850	6.840	15.585

Fonte: Banco de España. Boletín estadístico. Extraído de <http://www.bde.es> [30 de setembro, 2010].

Nota: a información subministrada nesta táboa está elaborada a partir dos estados financeiros que as entidades de crédito lle remiten ao Banco de España por motivos de supervisión e non segundo os estados reservados relativos aos requerimentos estatísticos da UEM. Para máis información consultar a fonte.

Non se contabilizan os depósitos de "Banca electrónica" e os "Sen clasificar". Os datos refírense ao mes de decembro.

ENTIDADES DE CRÉDITO: CRÉDITOS. AÑO 2009

Millóns de euros

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A administracións públicas						
Polos bancos	38.475	822	556	65	82	119
Polas caixas de aforros	21.554	962	583	51	76	252
Polas cooperativas de crédito	1.198	7	0	4	1	2
Total	61.228	1.791	1.139	120	159	373
A outros sectores residentes						
Polos bancos	798.360	32.144	16.823	2.247	2.126	10.948
Polas caixas de aforros	881.614	36.995	15.234	3.035	2.955	15.771
Polas cooperativas de crédito	96.559	352	32	248	50	23
Total	1.776.533	69.492	32.089	5.530	5.130	26.743
Crédito total						
Polos bancos	836.835	32.967	17.380	2.312	2.208	11.067
Polas caixas de aforros	903.168	37.957	15.817	3.086	3.031	16.023
Polas cooperativas de crédito	97.757	359	32	252	50	25
Total	1.837.761	71.283	33.229	5.650	5.289	27.115

Fonte: Banco de España. Boletín estadístico. Extraído de <http://www.bde.es> [30 de setembro, 2010].

Nota: a información subministrada nesta táboa está elaborada a partir dos estados financeiros que as entidades de crédito lle remiten ao Banco de España por motivos de supervisión e non segundo os estados reservados relativos aos requerimentos estatísticos da UEM. Para máis información consultar a fonte.

Non se contabilizan os créditos "Sen clasificar". Os datos refírense ao mes de decembro.

ENTIDADES DE CRÉDITO: NÚMERO DE OFICINAS. AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bancos	14.840	1.168	496	161	139	372
Caixas de aforro	24.202	1.181	440	128	214	399
Cooperativas de crédito	5.043	46	3	33	7	3
Establecementos financeiros de crédito	345	19	11	0	0	8

Fonte: Banco de España. Boletín estadístico. Extraído de <http://www.bde.es> [30 de setembro, 2010].

Nota: exclúense as oficinas no estranxeiro. Os datos refírense ao mes de decembro.

26

HIPOTECAS. AÑO 2009

Número e miles de euros

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total						
Número	1.088.717	57.461	24.338	7.176	4.132	21.815
Importe	149.695.779	6.136.881	2.597.963	630.278	372.134	2.536.506
Predios rústicos						
Número	58.403	2.956	706	491	183	1.576
Importe	13.440.912	340.149	95.710	46.394	21.198	176.847
Predios urbanos						
Número	1.030.314	54.505	23.632	6.685	3.949	20.239
Importe	136.254.867	5.796.732	2.502.253	583.884	350.936	2.359.659
Vivendas						
Número	653.173	33.333	14.280	4.193	2.229	12.631
Importe	76.870.639	3.579.859	1.524.011	388.024	220.381	1.447.443
De soares						
Número	53.714	1.402	612	104	150	536
Importe	21.068.637	534.592	258.340	15.356	35.126	225.770
Doutros inmobles						
Número	323.427	19.770	8.740	2.388	1.570	7.072
Importe	38.315.591	1.682.281	719.902	180.504	95.429	686.446

Fonte: INE. Estadística de hipotecas. Extraído de <http://www.ine.es> [17 de novembro, 2010].

Nota: datos provisionais.